

O ACRECENTAMENTO LEXICAL A PARTIR DOS PRONOMES DEMOSTRATIVOS EN GALEGO: Principais resultados nos testemuños literarios do século XIX*

Xosé Manuel Sánchez Rei
Universidade da Coruña

1. Introducción

Dentro dos estudos dedicados ás tipoloxías de palabras, vén sendo clásico distinguir, para alén doutras catalogacións, entre palabras gramaticais e palabras lexicais, aquelas pertencentes a inventarios fechados e estas, contrastivamente, englobadas en repertorios sen límites. Os pronomes demostrativos, como as restantes clases de formas pronominais, organízanse en paradigmas limitados canto ao número de elementos e posibilitan a formación de palabras através dos varios mecanismos existentes na lingua, tais como a transcategorización funcional, a sufixación, a composición, etc. As formas *este* (T1), *ese* (T2) e *aquel* (T3), portanto, corroboran a existencia da maior parte dos procedimentos de que dispón a lingua para xerar novos resultados vocabulares. Hai que ter en conta, como principio básico, que o recurso da formación de palabras con estes elementos pronominais é xa antigo: no propio latín aparece esta clase pronominal en vocábulos como HODIE (< *HOC DIE), *hoxe*, e adverbios como *agora* e *hogano* proveñen, respectivamente, de HAC HORA e de HOC ANNO. Asemade, os demostrativos, desde unha perspectiva diacrónica, teñen igualmente facilitado en épocas pretéritas o aparecemento de resultados de índole gramatical, como *mesmo* (< MET ISPSIMUS), *estoutro* (< *este* + *outro*), *esoutro* (< *ese* + *outro*) ou *aqueloutro* (< *aquel* + *outro*).

Para a nosa exposición priorizamos os resultados obtidos. Quer isto dicir que tivemos en consideración o tipo de unidade que se obtén, onde distinguimos un primeiro grupo composto por substantivos, un segundo integrado por

* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación intitulado *A formación da lingua literaria galega no século XIX*, dirixido na Universidade da Coruña polo Prof. Dr. Xosé Ramón Freixeiro Mato e subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galiza.

verbos e un terceiro, algo máis heteroxéneo, en que imos encontrar adverbios e conxuncións. Os testemuños que ilustran as nosas impresións están tirados, na súa maioría, da literatura galega contemporánea/, quer de textos de autoría individual, quer daqueles outros de procedencia tradicional ou popular; embora non exclusivamente, a maior parte desta exemplificación provén de obras do século XIX¹, época en que o galego recupera a escrita literaria após o período comunmente coñecido como Séculos Escuros.

2. Formación de substantivos

Asinalouse no anterior apartado que a clase de referenciais precisos demostrativos pode experimentar varios procedimentos de creación de palabras, de que a transcategorización funcional é unha delas. Neste sentido, entendemos por substantivación a mudanza que posibilita que unidades pronominais daquela natureza pasen a facer parte do amplo e ilimitado abano de nomes substantivos de que se conforma a lingua, como os casos que expomos a seguir.

2.1. *Aqueste, aquesta*

Sobreira, no século XVIII, explica que o dem. reforzado do primeiro termo da deíxe (T1), *aqueste, aquesta*, era común para citar aquela “cosa que no se quiere o no se acierta, a decir” ou cando se utilizaba tamén para a “calidad de alguna cosa que no se quiere nombrar” (Pensado 1979: 244). Non parece levantar excesivos problemas pensarmos na orixe destas utilizacións como estreitamente relacionadas co progresivo ocaso que desde fins da época medieval viñeron padecendo tais formas pronominais. No entanto, unha pequena dificultade consistiría en podermos concretar en que momento comezaron a se empregar, en cal outro alternaban con outros pronomes en igualdade de condicións con idénticas funcionalidades (momento previo ao seu solpor) e aínda en que período ficaron marxinalizadas ou esquecidas (estadio en que se consuma definitivamente a súa regresión).

Á primeira pregunta semella acaír, non sen problemas, atribuírmos o seu aparecemento aos fins da Idade Media se acreditarmos na información que nos brinda Faria (1849: 165, *s.v.*), quen, a meados do século XIX, encontra que *aquesta*, no portugués arcaico, significaba “acontecimento, suceso, caso”².

¹ Para o estudo desta época, e en especial da segunda metade de dito século por corresponder ao período coñecido comunmente por Rexurdimento, véxase Hermida (1992), Freixeiro Mato (1998: 71-81), Mariño Paz (1998: 386-401) ou Monteagudo (1998: 327-380).

² En consonancia con este autor, Vasconcellos (1985: 236, *s.v. aquestar*) acha que o significado deste elemento no portugués antigo corresponde a “acontecimento, caso”.

Un problema que de aquí se desprende radica na circunstancia de que os pronomes reforzados de T1 non desapareceron nun breve período de tempo, mais que foron protagonistas dun particular e progresivo esquecemento que, inclusive, chega á época contemporánea; portanto, a emerxencia de *aqueste*, *aquesta* como substantivo polivalente non ten de se separar do proceso inverso, que, devagariño, ía colocando os elementos con funcións puramente pronominais nas marxes da praxe habitual da lingua.

A segunda das cuestións non presenta, en aparencia, dificultades de máis para a respostarmos: á medida outras unidades demostrativas ían penetrando na lingua con funcións de substantivos (*aquel* e *aquela*), perdendo así a súa capacidade referencial, máis se ían marxinalizando *aqueste* e *aquesta*, apesar de que durante un período de tempo relativamente considerábel podían alternar con similares funcións. Repárese en que o facto de se esqueceren os pronomes *aqueste* e *aquesta* como unidades da déixe debe ter condicionado o desbotamento progresivo de tais formas no desempeño de funcións nominais, non como pronomes mais como “substantivos comodíns”.

O terceiro e derradeiro aspecto ten a ver coa época en que se asina definitivamente a súa etiqueta de recurso “arcaico”. Pódese aventurar, como primeira hipótese, que a comezos do século XIX eran formas ben pouco usadas e que foran suplantadas desde fins da centuria precedente polas máis innovadoras *aquel* ou *aquela*. Así se parece entender a partir da información de Sobreira, quen, acarón de *aqueste*, *aquesta* e *aquestar*, xa recolle *aquelar*. Contodo, existe algún testemuño aparente, certamente bastante serodio en relación aos dados de Sobreira, en que se acha *aqueste* a simples vista cun valor indeterminado; é o caso dun dos poemas costumistas do mindoniense Leiras Pulpeiro, dado a lume nos comezos do século XX: ¡*Non calo; / díamo aqueste primeiro!* (Leiras Pulpeiro, OC 367).

Sexa como for, esta documentación non pode ser sinónimo inequívoco dunha pervivencia xeral en todo o territorio lingüístico galego a termos en conta que desde fins do século XVIII e durante todo o XIX *aquel* e *aquela* se tiñan convertido nas formas maioritarias con tais funcións³. Volta a acontecer, máis nunha ocasión, que o desaparecemento de *aqueste* e *aquesta* con estes significados de indeterminación decorreu progresivamente⁴ e que, como se ha de ver nalgunhas das seccións seguintes, aínda se rexistan informacións certamente suxestivas canto ao rastrexamento de vocábulos etimoloxicamente emparentados, tais como *aquestar* ou *aquestado*.

³ *Aquela* xa aparece, por exemplo, no poema de Diego Antonio Cernadas y Castro “Befa do río da Chanca desairado da fonte nova”, datado en 1755: *por máis que andou e andou, / nada fixo coa súa aquela, / que o bispo votou por ela* (SEI 148).

⁴ Sobre *aqueste* como sinónimo de *aquel*, véxase tamén Mariño Paz (2000: 44-46).

2.2. *Aquel, aquela*

En consonancia co indicado nos parágrafos anteriores, os pronomes reforzados de T1 sufreron un acusado retroceso desde os finais do XVIII até os comezos do século XIX, de tal maneira que na lingua dos nosos días *aquel* e *aquela* son as únicas formas que se poden utilizar en contextos en que se non quer usar ou se non encontra un substantivo adecuado para denotar o elemento do mundo sensíbel a que se fai referencia⁵. A nosa literatura contemporánea proporcionanos abondosos exemplos de tais utilizacións, como as mostras a seguir: *Sempre pó la vila entraba / Con aquel de señorío* (Rosalía, CG 53); *aturuxan que dá xenio / e cantan con moito aquel* (Eladio Rodríguez, FOL 119); *Dille, si queres, ô alcalde / que teña algo máis aquéla* (Eladio Rodríguez, FOL 105); etc.

Ora ben, da existencia de tais utilizacións de *aquel* e *aquela* xorden cuestións que non podemos obviar e que din respecto á súa emerxencia, distribución e consideración desde a perspectiva do galego actual. No que se refere ao seu triúnfo como fórmula polisémica, e en harmonía co apuntado anteriormente, o seu aparecemento semella ter sido proporcional en relación a *aqueste* ou *aquesta*. O que realmente chama a nosa atención é o facto de un pronome de T3, perfectamente vivo, pasar a desenvolver os usos que noutrora lle correspondían a un elemento de T1, en avanzado estado de abandono, como era *aqueste*. É posíbel, neste sentido, que os valores de maior afastamento de T3 primasen na dirección de unicamente canonizar tais unidades, ao paso que o esmorecemento de *aqueste* se ía consumando; nótese que, dunha óptica tradicional, se ten definido en moitas ocasións as unidades de T3 como as máis afastadas tanto do ouvinte como do falante, de aí que a súa concreción a respecto dos protagonistas do acto comunicativo non ficase tan clarificada como os pronomes de T1 ou T2. En todo o caso, o facto de *aqueste* desaparecer tornou necesario habilitar unha outra unidade pronominal capaz de asumir as súas funcións; é posíbel que coadxuvase na emerxencia de *aquel* a proximidade fonética existente entre [a'ke]ste e [a'ke]l, circunstancia que nos parece pertinente para explicar como un pronome de T3 desempeña funcións antes atribuídas a un elemento de T1⁶.

⁵ A escolla entre *aquel* e *aquela* non depende tanto do propio substantivo a que se fai referencia como da liberdade expresiva ou aínda dunha certa distribución diatópica: "Sen embargo, a elección entre *aquel* / *aquela* non está motivada nin depende do xénero do sustantivo a que se elude" (Álvarez / Regueira / Monteagudo (1993: 211). Para un repertorio dos seus significados modernos, véxase, por exemplo Alonso Estravís (1986, I: 236, s.v. *aquel* e *aquela*), Navaza Blanco / Lastra Muruais (1994: 73, s.v. *aquel*) ou Carballeira Anllo (2000: 155-156, s.v. *aquel* e *aquela*).

⁶ Aínda que se non trate dun caso de substantivo de indeterminación, parécenos pertinente facermos mención ao facto de que no vicentino *Auto das Barcas* aparece, na edición de 1518, o verso 248 coas formas *Ou daquela... quem he... eu so*, encanto que na edición de 1562 o verso correspondente ao anterior, agora numerado co 250, responde á linearidade *Ou daquela... quem he... eu soo* (Cunha 1982: 282) [desenvolvemos para a nosa citación as abreviaturas que se achán no orixinal].

Non é arriscada a afirmación, no tocante á súa distribución xeográfica, de que o seu uso pode documentarse ao longo e largo do territorio lingüístico galego. Cómpre, porén, repararmos en que, segundo o mapa representado en ILG (1995: 260-261), de entre *aquel* e *aquela* é o primeiro o que predomina na Galiza actual, xa que o feminino *aquela* só se atesta en puntos setentrionais da provincia da Coruña e de Lugo; por súa vez, cun carácter aínda máis minoritario, no galego do Bierzo e nas comarcas ourensás orientais é aínda posíbel rexistar a forma invariábel en tal repertorio de funcións, xa que os mesmos estudos dialectolóxicos asinalan a variante *ter un aquilo* nesas terras galegófonas orientais⁷.

Por outra parte, dentro tamén da súa vixencia na lingua moderna, non nos parece descartábel pensarmos que talvez nunha época non demasiado afastada dos días presentes *aquela* abranxese máis espazo do que ocupa na actualidade. O portugués, lingua que non ten favorecido, ao menos na súa norma padrón, os usos de *aquel* e *aquela* con valor de substantivos polisémicos tal e como hoxe se encontran na Galiza, apresentaba hai uns anos o feminino (e en menor medida o masculino) con semellante distribución de usos; así o expuxo no primeiro terzo do século XX Vasconcellos, cando, abordando os principais trazos da lingua setentrional lusitana, apuntaba a súa existencia. Sirvan como exemplo os seguintes casos, en que o estudioso asinalou o que segue⁸: a) na fala popular de Ponte Lima, unha localidade moi perto da Galiza, *aquela* “significa *cousa*. Isto é: *uma aquela* pódese ser *uma tesoura, um dedal, uma festa, uma desordem*, etc.”. E acrecenta: “Na Beira Alta usa-se *aquela* no sentido de *fulana*, ex.: Ó S.^a *aquela*” (1928: 62, s.v.)⁹; b) máis cara ao sul, tratando a “linguagem vulgar do Porto”, anota que en “flagrante apanhei uma vez esta frase: ‘foi o *aquelle*’, onde o determina mais o pronome” (1928: 141); c) na mesma modalidade dialectal portuense, documenta “*aquella*, Na frase: ‘não me faz *aquella* nenhuma’, isto é, ‘não me faz trastorno, dúvida’” (1928: 146, s.v.).

A teor da súa existencia en falares norteños de Portugal é como se explica que penetrase na lingua literaria, polo menos desde a segunda metade do século XIX, nomeadamente en autores cuxos trazos lingüísticos están certamente próximos da oralidade popular setentrional portuguesa. É o caso de Camilo Cas-

⁷ Parece ser forma coñecida en máis áreas do galego oriental, como nalgúns puntos de Asturias, como asinala Fernández Vior (1997: 202). No entanto, os galego-falantes desa rexión tamén coñecen o máis xeral *aquel*, segundo asinala Suárez Fernández (1996: 31, s.v.) a dicir que é unha expresión de sentido impreciso usada para substituír un substantivo.

⁸ Véxase, asemade, Sequeira (1958: 142) para a lingua falada na rexión do Baixo-Minho, onde se documentan igualmente *aquele*, *aquela* e o verbo *aquelar*.

⁹ Véxase tamén Valladares Núñez (1884: 35) ao falar da utilización de *aquela*: “úsase también de esta palabra para llamar á una señora, cuyo nombre no se recuerda, ó se ignora; y así se dice *Doña aquèla*”.

telo Branco, escritor que apresenta bastantes particularidades idiomáticas do norte, nomeadamente do Minho: *E tem aquela de falar de mim, que fui sempre como as estrelas* (Castelo Branco, FA 80); e *fez-me cá no coração uma certa aquela* (Castelo Branco, FA 182)¹⁰; etc.

2.3. *Aqueloutro, -a, aqueloutriño, -a*

A partir do dem. *aquel* + o pron. identificador *outro* + o suf. apreciativo *-iño, -a*, isto é, combinando por un lado composición (*aquel* e *outro*) con derivación (*-iño*), xurdiu estoutra palabra que presenta, en harmonía cos casos vistos anteriormente, unha considerábel polivalencia de significados deducíbeis a partir do contexto en que se empregar. Cunha certa frecuencia, contodo, *aqueloutriño* aprópriase da significación de (*meu*) *mociño* ou aínda de (*meu*) *amiguiño*. Así o entendeu Valladares Núñez (1884: 36, *s.v.*) ao traducir a palabra para o español mediante o vocábulo *mocito*, como tamén o percebeu o editor de CPG, José Pérez Ballesteros, cando apuntou, acarón do verso correspondente, a mesma palabra castelá para o cantar tradicional que expomos: *Eu bonita non che son, / riqueza non ch'a herdéi; / dime ti, aqueloutriño, / zen qué modo ch'agradei?* (CPG, III 46).

De as impresións de Valladares Núñez e de Pérez Ballesteros seren certas, acharíamonos perante unha mostra de lexicalización, análoga a outras acontecidas na lingua como *xoguete* a respecto de *xogo*, *pandeirola* en relación a *pandeiro*, etc. (véxase Freixeiro Mato 1999: 177 e nota 270). A orixe, pois, cómpre procurármola en *aqueloutro*, pron. dem. composto que, na opinión do mesmo lexicógrafo do XIX, se emprega cando equivale a “Uno cuyo nombre no se sabe o no se recuerda”, isto é, cando alude a unha persoa. A diferenza tanto de *aqueloutro* como de *aqueloutriño* a respecto de *aquel* ou de *aquela* reside na maior determinación semántica que parece caracterizar a súa significación; pouco a ver, en consecuencia, coa inconcreción que connotan estes dous últimos demostrativos.

1.4. *A influencia dos demostrativos noutros compostos: o caso do sexto día da semana, sexta feira*

É xa sabido que os nomes dos días da semana no sistema lingüístico galego-portugués, segundo a tradición cristá, son formados dos pronomes ordinais a

¹⁰ Exemplos tamén citados por Sequeira (1958: 142), de onde extraímos a referencia. Por outro lado, merece apuntarse o seguinte exemplo, igualmente lusitano, tirado non xa dun autor do século XIX con evidente proximidade á linguaxe rexional setentrional mais dun lingüista brasileiro: Machado Filho (1957: 247), criticando o emprego abusivo da secuencia *o mesmo*, escribciu que tal fórmula “supre, sem mais aquela, o pronome êle” [a negriña é nosa].

acompañaren o substantivo *feira* (*segunda feira, terza feira, cuarta feira, quinta-feira e sexta feria*). Precisamente un destes, *sexta feira*, tórnase merecente dunhas palabras por o seu primeiro elemento ter sido substituído a favor do demostrativo *esta*. Como indica Pensado Tomé (1965: 25), é posíbel documentar durante o outono medieval exemplos de denominacións para o sexto día como os que seguen, que tiramos do traballo deste estudioso: doc. de 1390: *dia esta feira treze días andados de mayo*; doc. de 1418: *dia esta feira o primeiro dia do mes de jullo*; doc. de 1418: *esta feira vinte dias de mayo*; doc. de 1466: *luus e quartafeira e estafeyra*; etc.

Lonxe do que formal e aparentemente indican as palabras en negra, *esta* non é o demostrativo de T1, mais está aí en lugar do antigo *sexta*. Na opinión do investigador, as causas hai que as ir procurar non ao pron. fem. de T1, senón á crise dun sistema de nomenclatura para os días da semana que provocou que fose sendo esquecido progresivamente. Con efecto, o facto de que xa durante a época medieval tamén se utilizase o modelo romano (*luns, martes, etc.*) levou consigo, en harmonía con Pensado Tomé (1965: 27), que decembrasen os nomes cristiáns até se perder a noción de orde. Neste momento, *sexta feira* participa de dita perda ao faltar a serie completa da semana en certas rexións do país e é aquí cando se bota man do vocábulo máis próximo de *sexta*, pronunciado *sesta*¹¹, que non é outro do que *esta*. De aí que, embora non sexa un elemento que faga parte do nome anterior ao sábado, si teña a súa relevancia por pasar, indirectamente, a constituílo; unha queda do *s-* inicial non pode explicar o aparecemento de *esta* en tais contextos porque, entre outros motivos, nada hai que xustifique a súa supresión.

Estafeira, sob a forma *estaferia*, tamén se encontra, aliás, no occidente da provincia española de Oviedo, seguíndomos Pensado Tomé (1965: 26), e mesmo nos falares asturo-leoneses máis próximos da Galiza existe o verbo *estaferiar*, ou polo menos existían as dúas formas, o nome e o verbo, nos derradeiros anos do século XIX¹². Os dous facían referencia aos traballos comunais en que se reunían todos os viciños nas *sextas feiras* para arranxaren os camiños que comunicaban as, na altura, isoladas aldeas das montañas galaico-leonesas.

¹¹ Repárese no seguinte cantar tradicional, en que se verifica esta pronuncia: *Lus, día de ánimas é, / martes de San Antón, / carta feira San Xosé, / mercado é quinta feira, / sexta feira é da Pasión, / sábado día da Virxe, / e domingo festa enteira* (ESC 161).

¹² A información que proporciona Pensado Tomé foi extraída da obra de A. Rato de Argüelles *Vocabulario de las palabras y frases bables*, publicado en Madrid no ano 1891. En consonancia co que tira deste contributo lexicográfico, por outra parte, tamén nas falas asturo-leonesas podían rexistarse, acarón de *estafeira* e *estaferiar*, uns *sestaferia* e *sestaferiar*.

3. Formación de verbos

Unha outra posibilidade que presentan os demostrativos canto á formación de novas clases de palabras é aquela que consiste en acrecentaren as listas de verbos. Xunto á anterior, a que cría substantivos, apréséntase como a máis rendíbel, sendo o procedemento de maior recorrencia o que autoriza a derivación de verbal tomando bases con funcións substantivas¹³. Os verbos xerados a partir dos pronomes demostrativos, tomados no seu conxunto, posúen unha serie de características, algunhas comúns con outros fenómenos lingüísticos máis habituais no galego, que, á marxe dos resultados obtidos, se detecta do confronto das solucións verbais que serán tratadas nas seguintes páxinas. A primeira cuestión está relacionada co resultado unívoco de acrecentar verbos á primeira conxugación¹⁴; na realidade, tal recurso ten sido o maioritario en toda a historia da nosa lingua, desde os primeiros tempos até a actualidade; nas palabras de Ferreiro (2001: 198), no “galego-portugués, o proceso máis frecuente de formación de novos verbos lévase a cabo coa adxunción da flexión *-ar* da primeira conxugación a un nome”.

O segundo aspecto que cómpre mencionarmos vén dado pola relación existente entre os resultados verbais e os substantivos indeterminados tirados dos pronomes, de forma que o vínculo entre uns e outros é certamente notorio. Exemplificándomolo con dúas mostras, podemos afirmar que a historia do caso de *aquesta* ou *aqueste* como fórmula nominal correu paralela ao solpor de *aquestar*, do mesmo modo que a emerxencia e progresiva utilización de *aquel* ou *aquela* con funcións de substantivo impreciso non se pode isolar dos verbos *aquelar* ou *aqueloutrar*.

3.1. *Aquestar*

Voltamos, máis unha vez, a citar o Padre Sobreira (Pensado 1979: 244) como primeiro lexicógrafo que reparou na existencia de *aquesta* e de *aquestar* como vocábulos con polivalencia de significados e, portanto, cun considerábel abano de utilización. A súa orixe está no pron. reforzado *aqueste* + o suf. de verbal *-ar*, fórmula que, como vimos, ten sido especialmente rendíbel para

¹³ Estamos a falar, loxicamente, dos pronomes demostrativos cando usados con función substantival e con multivalencia de significados. Véxase Ferreiro (2001: 2000), quen cita o caso de *aquelar* e *aqueloutrar* como exemplos minoritarios: “Aínda que as bases formativas dos verbos son normalmente nomes ou participios, tamén se resistan algúns casos de novas formacións sobre pronomes”.

¹⁴ Coa excepción de *acolofacer*, formado posibelmente desde o dem. dial. *aquelo* + o verbo *facere* através dunha asimilación vocálica do <e> do pron. debido á súa inestabilidade, o que determinou a súa mudanza para [o]. A súa primeira documentación aparece en RAG (1913-1928: 44, s.v.), de onde se proxectou en máis obras lexicográficas do século XIX, como, por exemplo, Franco Grande (1975: 34, s.v. e s.v. *aquelar*).

criar verbos da primeira conxugación. No entanto, alén dos usos que lles confere o eclesiástico e do pontual emprego que fai do participio de *aquestar* Pablo Mendoza de los Ríos no século XVIII (*pois està mais aquestado en essas cousas*; tirado de Mariño Paz 2000: 38), o certo é que aínda foi utilizado literariamente por Leiras Pulpeiro, facto que parece demostrar que, sendo verbo xa marxinal na altura, podía aparecer esporadicamente; repárese a este respecto que a linguaxe do escritor mindoniense non se caracteriza por un propositado afastamento da oralidade popular da época, senón, máis ben, antes o contrario: *que, antes que verme aquestada, l morrer cen veces quixera* (Leiras Pulpeiro, OC 180).

Mais os testemuños contemporáneos do verbo que nos ocupa non se limitan á cita literaria deste autor, pois téñense feito referencias á antecitada entrada lexical en obras de diversa índole. Así as cousas, rexístao Rodríguez na segunda metade do século XIX (1863: 11, *s.v.*) cunha curiosa definición moi probabelmente condicionada pola utilización de *aqueste* e *aquel* como pronomes: “Aquestar. Es lo mismo que, *aquelar*, con sola la diferencia de que, *aquestar* dice mas proximidad”.

Non descartamos que desde aquí pasase a outros dicionarios, os cais recollerían a entrada máis por criterios compilacionistas do que por motivacións lingüísticas reais¹⁵. É o caso, por exemplo de Valladares Núñez (1884: 36, *s.v.*), quen se inspira de xeito evidente en Rodríguez; por súa vez, a obra da RAG (1913-1928: 208, *s.v.*) manifesta esa dependencia, exemplificando o vocábulo cos versos antecitados de Leiras Pulpeiro; do mesmo modo, Carré Alvarellos (1928, I: 157, *s.v.*) incluí *aquestar* acarón de *aquelar*. O verbo, pois, parece ter ido sobrevivendo nos nosos dicionarios grazas ao empeño dos respectivos autores antes do que a un fenómeno vivo e real no galego contemporáneo. Dentro das obras desta índole que manexamos, convén asinalarmos o traballo de Franco Grande (1975: 107, *s.v.*) por voltar a considerar dito verbo, así como tamén por recoller, e nisto quizá reside o aspecto máis rechamante do seu contributo á sobrevivencia de *aquestar*, a variante con *r* epentético *aquestrar*¹⁶ (1975: 106, *s.v. aquelar*). Para alén destas obras do século XIX e

¹⁵ Facemos nosas as palabras de Mariño Paz (2000: 45) sobre a súa documentación nos dicionarios: “É certo que se detecta a presenza de *aqueste* e *aquestar* en dicionarios máis recentes coma o de Eladio Rodríguez González (1958-1961) e o de Xosé L. Franco Grande (1968), pero sabemos que estes autores recolleron moitas voces de obras lexicográficas anteriores sen as someter á debida crítica, de tal modo que nos seus traballos se encontra mesturado o léxico do galego actual co do galego doutras épocas que hoxe, e desde hai moito tempo, está xa abandonado”. E concluí este investigador da Universidade de Compostela: “Ben claro fala a este respecto o feito de que estes dous autores digan de *aqueste* que “tiene poco uso” (por non diciren “ningún” ou “practicamente ningún”) e que de *aquestar* remitan para *aquelar*”.

¹⁶ Parece ser produtivo en galego o aditamento de *r* segundo se desprende da seguinte afirmación: “a

do XX, temos máis un testemuño dun traballo moderno en que se recupera tanto a entrada como o significado orixinal atribuído por Rodríguez; tal acontece no dicionario de Alonso Estravís (1986, I: 237, *s.v.*), en que se ofrece a seguinte definición: “**Aquestar**, v. tr. Aquelar, indicando meirande proximidade”. Aínda, dispomos doutras fontes de información relativas ao século XIX e mesmo ao XX para este arcaísmo lexical no espazo galego-portugués: nas Beira, concretamente en Castelo Rodrigo, Vasconcellos (1985: 256, *s.v.*) localizou nos albores do XX o verbo *aquestar*, que, en consonancia con seccións precedentes, “parece relacionar-se com o português arcaico *aquesta*, que significa *acontecimento, caso*”¹⁷.

3.2. Aquelar

Desde o dem. de T3 mais a adxunción do sufixo *-ar* xerouse o común *aquelar*¹⁸, de amplo respaldo na lingua moderna. Como acontecía co caso de *aquesta* e *aquel* ou *aquela*, o chamativo non é tanto a súa formación como o facto de se habilitar dito pronome cando, por volta do século XVIII e durante unha boa parte do seguinte se asinou definitivamente o seu desaparecemento. Sexa como for, o certo é que os tratados lexicográficos máis representativos da nosa lingua, desde a obra de Rodríguez até os últimos contributos modernos da década de 90, teñen recollido este vocábulo reparando nas súas multivalentes posibilidades de uso. Por súa vez, é frecuentemente utilizado na nosa literatura

epéntese desta consoante afecta a un número grande de palabras, especialmente no contexto *st* + vocal: *estrela, estropallo, estralar, estraloque, mastro, congostra...* [...]” (ILG / RAG 1996: 75). O problema que se deriva a partir de *aquestar*, ao noso ver, é podermos proporcionar unha explicación coherente que harmonice, por un lado, o paso de *aquestar* > *aquestar* mediante o acrecentamento de *r* cando *aquestar* era xa unha forma absolutamente marxinal na lingua contemporánea e, por outro, cando o recurso aínda permanece vivo na actualidade (repárese na adaptación popular do españolismo *hasta* en **astra*). Alén disto, hai que notar que a historia da lingua ten operado en ocasións no sentido contrario, ou sexa, a promocionar e a canonizar quedas da mesma consoante: *arado, padrasto, madраста*, etc.

¹⁷ Non podemos descartar, en relación á vixencia actual de *aquestar*, que en zonas máis ou menos arcaizantes onde se mantivo o demostrativo reforzado de T1 se rexisten outros casos de utilización deste verbo, embora non pareza ser moi discutíbel a termos en conta o absolutamente residuais que son tais formas no espazo lingüístico galego-portugués.

¹⁸ É necesario apuntarmos a forma *aqueliñar*, cuxa xénese ben pode deberse á adxunción ao verbo *aquelar* do sufixo deverbal ou desubstantival *-iñar*, rendíbel en expresivos resultados como *cuspir* > *cuspiñar, chuvia* > *chuviñar*, etc. (Freixeiro Mato 1999: 233). Por outra banda, non nos ofrecendo demasiadas dúbidas a respecto do nivel de linguaxe en que se podería documentar, isto é, nos rexistros populares, só coñecemos a súa documentación por parte de Franco Grande (1975: 106, *s.v.*) e, modernamente, por Alonso Estravís (1986, I: 236, *s.v.*), circunstancia que nos obriga a contemplarmos este verbo cunha certa dose de cautela no que á súa vitalidade moderna se refere. Non rexeitamos, portanto, que, máis do que unha certa sistematización e regularidade de uso como apresetan *aquelar*, haxa que pensar nunha aparición esporádica, unicamente rendíbel se explicada a partir dos recursos expresivos que posúe o galego e que foi tida en conta por estes lexicógrafos a lle atribuíren unha produtividade actual, moi seguramente, acentuada de máis.

contemporánea, cuxa constatación decorre en paralelo á case nula, exceptuándose os versos de Leiras Pulpeiro, atestación de *aquestar*. Dentro das mostras que poderíamos expor ao respeito, tórnase preciso clarificarmos que unha boa parte delas obedece aos usos do participio adxectivizado *aquelado*, que até foi introducido nalgúns dicionarios como entrada durante o XIX e o XX, conforme se encontra no de Valladares Núñez (1884: 35, *s.v.*) ou no da RAG (1913-1928: 207, *s.v.*): *Cále, si quer, co-esa hestoria. / Non se me poña aque-lado* (Pérez Ballesteros, FO 130).

No portugués, malia *aqueelar* ser descoñecido na súa variedade padrón, aparece en áreas dialectais, especialmente as máis próximas da Galiza. Así o considerou Vasconcellos nas primeiras décadas do século XX cando o rexista en Ponte de Lima (1928: 62, *s.v.*), para, un bocado máis adiante, anotar que este “verbo usa-se também no Norte de Trás-os-Montes”; os usos que lle asigna redúcese ao seu emprego “tôdas as vezes que falta o termo próprio”. No entanto, non foi este autor o único en o documentar, mais tamén figura como entrada nalgún dicionario moderno lusitano, cal, por exemplo, o de Simões (*s.d.*: 31, *s.v. aqueelar*), en que se lle conceden os valores de “arranjar, fazer, atinar com”. Sequeira (1958: 142), por súa vez, apunta a súa rendíbel utilización na provincia do Baixo-Minho, mesmo a indicar que é empregado polo escritor Hugo Rocha.

3.3. *Aqueloutrar*

A partir do pron. dem. composto *aqueloutro*, logo da adxunción do sufixo xerador de verbos *-ar*, xurdiu a palabra de que imos falar a seguir. Este resultado presenta algúns dos valores de imprecisión de *aqueelar*, de modo que é intercambiábel con este nun grande número de ocasións e até hai dicionarios que a inclúen como unha súa variante, quizá máis expresiva, mais con similares contextos de utilización; así as cousas, desde as primeiras obras destas características que se fixeron para o galego (como Cuveiro Piñol 1876: 25, *s.v.*), até os últimos contributos (por exemplo Navaza Blanco / Lastra Muruais 1994: 74, *s.v.*), lévase insistido na proximidade semántica de ambas as entradas, en ocasións facendo os autores uso dun sistema de cruzamentos, ás veces a proporcionaren valores e matices comúns para os dous verbos. Os galego soubo aproveitar este recurso lexical, como se observa nos exemplos que seguen, o primeiro procedente de Leiras Pulpeiro e o segundo tirado dunha escolma de narracións populares: *ando eu, por tralas silveiras, / aqueloutrada, acorando!* (Leiras Pulpeiro, OC 194); *Non te aqueloutres por eso, home* (ESC 212); etc.

Aqueloutrar, que, como as entradas verbais comentadas anteriormente, é máis doadamente detectábel en niveis coloquiais e populares de lingua ou en textos que en maior ou menor grao se aproximen destes, non pode considerarse por si só, mais posto en relación coa vitalidade do pron. *aqueloutro*. Do

mesmo modo que coidamos que sería difícil facer un uso regular de *aquestar* tendo desaparecido *aqueste*, achamos que a utilización de *aqueloutrar* está intimamente relacionada coa súa orixe, isto é, co pronome. O caso do portugués pode ser tido en conta aquí para ilustrarmos as nosas impresións, xa que nesta lingua *aqueloutro* ficou limitado aos linguaxares dialectais, comunmente denominados “rústicos” ou “do povo”, que, ao levaren esta marca, non podían ser considerados polos gramáticos e figurar entre as recomendacións que establece a variedade padrón; en consecuencia, non se torna difícil de acreditar-mos en que o progresivo o caso do demostrativo composto de T3 na outra ribeira miñota coadxuvou determinantemente no desaparecemento do verbo correspondente. Convirá lembrar neste sentido que *aquela*, substantivo de imprecisión, e *aquelar*, segundo o visto máis arriba, son hoxe formas residuais na linguaxe corrente lusitana, mais que existe, contodo, un pron. referencial de deíxe de T3 *aquela* nos paradigmas pronominais do estándar, e que *aqueloutro*, polo contrario, non se localiza senón lateralmente en portugués. Precisamente nesta linguaxe secundarizada é onde achou Vasconcellos (1928: 472, s.v.) o verbo *aqueloutrar*, concretamente na localidade setentrional de Arcos de Valdevez, vocábulo que, segundo as súas deducións, corresponde a “aque-lar, arranjar, compôr”.

4. Formacións adverbiais e conxuntivas

Nos dous apartados anteriores fixemos referencia á formación de substantivos e de verbos tomando como elemento protagonista o sistema de demostrativos galego, como, aliás, puidemos tamén verificar que os resultados pertencían á componente lexical da lingua e que son utilizados en vez doutras palabras. Neste a que agora damos principio imos comprobar, por un lado, que as posibilidades criacionais deses pronomes deícticos non se limitan a produciren esas dúas tipoloxías de palabras, mais igualmente adverbios e locucións, e que, por tal motivo, serven como máis un outro mecanismo de acrecentamento a determinados paradigmas de elementos gramaticais. Algunhas das criacións resultantes teñen xa unha longa historia na lingua e cómpre retrotraír a súa orixe ao galego-portugués medieval, ao paso que outras, contrastivamente, parecen ter aparecido no tránsito da lingua antiga á contemporánea, en que non todas se caracterizan pola mesma frecuencia de aparecemento.

4.1. *Daquela*

Desde a prep. *de* + o pron. *aquela* xerouse esta forma, que presenta dous valores principais: o primeiro consiste en ser equivalente a un adverbio de tempo,

tipo *entón*, ou a unha fórmula que funcione como tal, como “naquela época”, “na altura”, etc; nótese que nunha boa parte das expresións equivalentes voltamos a achar frecuentemente un demostrativo de T3 (*naqueles tempos, naquelas datas, por aquel tempo*, etc.): *Non toleo, cando / non toleei d’aquela!* (Lamas Carvajal, SG 43); *Que s’este Adán, d’aquela / Consiteuch’o qu’os homes non consinten* (García Acuña, OR 36); etc.

Noutras ocasións, no canto de se comportar como un elemento adverbial de lugar, desempeña funcións de conxunción consecutiva¹⁹, e apresenta, deste modo, uns valores que fican moi perto dos das formas “pois”, “entón” con significado consecutivo²⁰, “portanto”, etc.: *O vello Lisuarte, d’aquela, matinou o modo de facer seu herdeiro a Tintagil* (Risco, B 42)

Porén, á marxe de se desenvolve funcións de adverbio ou de se corresponde a unha conxunción consecutiva, tórnase preciso tratarmos máis unha cuestión a respecto de *daquela*, cal é o verniz hipergaleguizador que algúns escritores do século XX lle aplicaron. Ao longo desta centuria, as formas dialectais con vogal tónica hipercharacterizada no masculino (*iste, ise e aquil*) foron espallándose polos textos literarios, arrastando os femininos *ista, isa e aquila*; por anaxloxía, algúns autores igualaron a partícula *daquela* a facérena coresponder con semellante regularización e a transformárena, en consecuencia, nunha inexistente forma *daquila*, rexistada nomeadamente na literatura da segunda metade do século XX embora dun modo esporádico²¹:

Canto ao uso de *daquela* na lingua actual, parécenos pertinente facermos un breve comentario. Con efecto, é tan común que mesmo algunhas persoas, cando falan español ou pretenden expresarse neste idioma con diferentes graus de suceso, se apropiarian del como se máis dunha forma do castelán se tratase. Neste sentido, paga a pena citarmos o comentario de Porto Dapena (1977: 164, nota 21) ao afirmar que no galego de Ferrolterra “algunos, hablando castellano, dicen *de aquella* en lugar de *entonces*”.

¹⁹ Afirma ao respecto Carballo Calero (1979: 303): “*Daquela* ‘entonces’ ya se siente hoy como una palabra de tipo adverbial. De la idea de sucesión temporal se pasa a la de causalidad, y así *daquela*, como ‘entonces’, puede convertirse en locución consecutiva”.

²⁰ É de salientarmos o paralelismo sintáctico e semántico existente entre *entón* e *daquela*, xa que ambos poden comportarse quer como adverbios de tempo, quer como conxuncións de valor consecutivo, sendo intercambiábeis nos dous casos. Contodo, afástanse no momento de se substantivaren, xa que non se pode empregar **aquela daquela* e si, en confronto, *aquel entón*.

²¹ Así se detecta en textos de Ánxel Fole ou Ramon Otero Pedrayo, como os expostos a seguir: *Eu tiña os peitos agromados e meu alento recendía a todas as froles do ermo... Daquila o señorito de Quintairo era un deus* (Otero Pedrayo, FT 172); *Era eu daquila un rillote* (Fole, TB 121); etc. E ao falarmos de variantes, por outro lado, temos de comentar a forma *daquelas*, con -s adverbial (véxase Ferreiro 1999: 252), documentada nalgúns puntos do centro da Galiza (ILG 1995: 366-367, 404-405): *botamos tres viaxes anter de salir o sol, derde onde se deixaban os carros, que daquelas eran carros* (adaptado de Fernández Rei / Hermida Gulías 1996: 133).

4.2. Adesora

A construción *adesora* (< *adessora*), proveniente de AD + IPSA + HORA (Ferreiro 2001: 267), presenta un caso singular de modificación semántica, xa que desde os valores medievais de “de súbito”, “repentinamente”, etc., se pasou a “a hora inoportuna”, “a hora tardía”, etc. O exemplo seguinte así o verifica: *en este ano sobredito uño a desora et sem sospeyta hũa grãde oste de mouros* (CGC 29); etc. Porén, como asinala Ferreiro (2001: 267), a interpretación de *des-* como un prefixo de negación provocou que desde a forma medieval se reinterpretase esta como a locución *a deshora*, isto é, partindo do nexo prepositivo *a + des + hora* e asignando os novos valores antes citados. Algúns dicionarios e vocabularios do século XX, por súa vez, ofrecendo significados derivados da súa reinterpretación, conférenlle o sentido orixinario, tal como fan RAG (1913-1928: 56, *s.v.*), IF (1933: 225, *s.v. repente*) ou Franco Grande (1975: 377 *s.v. dehora*). Sexa como for, o sentido maioritario que posuí na actualidade non é o tradicional, mais o novo, e con esta significación se atesta nas obras literarias contemporáneas: *¿Onde irá tan á deshora, / N'un-ha noite tan escura?* (Rosalía, FN 106).

4.3. Arestora

Co significado de “neste momento”, “agora”, “no presente”, etc., existe no galego moderno a formación *arestora*, xurdida, seguíndomos Ferreiro (1999: 356), desde a prep. *a* + o pron. *esta* + o subs. *hora* “con cruzamento con *ora* e *agora*” Máis unha vez, a literatura contemporánea reflectiu o adverbio de que falamos, moi frecuentemente coa súa variante máis popular *arastora*²², aparecida a partir da oscilación tímbrica da vogal pretónica: *Por eso, com'arastora. / Veu moitas veces d'husmada* (Curros, AMT 41).

4.4. Emporiso

Finalmente, achámonos neste caso perante un outro composto gramatical, dado que todos os seus componentes son elementos non lexicais. Deste modo, a conxunción resulta da unión da prep. *en* + prep. *por* + pron. *iso*. A súa rendibilidade é maior na linguaxe literaria, onde, dito sexa de paso, tampouco se documenta con frecuencia: *Eu tamén digo, emporeso, / que á paso de can, lixeiros, / progesamos con esceso* (Eladio Rodríguez, FOL 83); etc. Repárese que a fórmula conxuntiva resultante é de carácter adversativo, cuns valores moi próximos, subsecuentemente, a “aínda que”, “porén”, “no entanto”, etc²³:

²² Convén notarmos, por outro lado, a forma *nestora*, documentada nalgunhas obras de Ramón Otero Pedrayo, en que posuí valores moi próximos de *arestora*: *Nestora miro a praza dos Vosgos, péchome cedo pra gardar a lus violeta das seráns inocentes* (Otero Pedrayo, FT 169); *¡Atinaches nestora! Vouno rexistrar* (Otero Pedrayo, FT 182); etc.

²³ Repárese, contodo, nas seguintes palabras de Vasconcellos (1928: 334) referidas ao portugués dia-

5. Conclusións

Os demostrativos, sendo elementos gramaticais, posibilitaron o aparecemento de novas palabras. É pertinente distinguir aquí unha modalidade de formas que máis teñen a ver co léxico do que coas categorías morfolóxicas da lingua, como é o caso de substantivacións como *aqueste*, *aquel*, *aquela* ou *aqueloutriño*, etc., e un outro tipo que deu en xerar elementos de índole paradigmática, cal *emporiso*, *daquela* como conxunción e como adverbio, etc. Non debemos perder de vista que o inventario dos demostrativos compostos (*estoutro*, *esoutro* e *aqueloutro*) xa constitui de por si un mecanismo de creación de palabras, en que ten operado o procedemento da composición. Mais este recurso non é o único, xa que podemos encontrar outras posibilidades, como a transcategorización funcional (*aquel* / *aquela*, pron. → subs.), a derivación por sufixación (*aquel* → *aquelar*, *aquelñar*), etc. En moitos destes casos chama a atención a preferencia por T3 para dar orixe a novas palabras, aínda que non sexa exclusiva a termos en conta o hoxe desusado *aqueste* ou aínda a conxunción *emporiso*. Outrosí, algúns dos resultados son máis propios da lingua popular e coloquial do que da culta, cal é o caso do subs. de indeterminación *aquel*, ao paso que outros parecen máis típicos da linguaxe literaria, que posibelmente os tomaría da oralidade espontánea, como o xa citado *emporiso*; e hainos, finalmente, que pertencen ás dúas modalidades de expresión, nas cais posúen un bon testemuño canto a frecuencia e a uso se refere, como *daquela*.

Finalmente, non podemos deixar de apuntar que en moitos dos exemplos de creación de palabras por composición aparece o substantivo *hora*. Isto ten a súa particular relevancia de repararmos no facto de que xa se retrotrai á época protorromance a súa recorrencia como elemento formativo de novos elementos, como se comproba co adverbio *agora*, o que semella corroborar a súa rendibilidade xa antiga neste tipo de solucións romances: pensemos, pois, en resultados sistemáticos, como *adesora*, *outrora*, *arestora*, ou en casos máis minorarios, cal *nestora*, en que se acha o antecitado substantivo.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO ESTRAVÍS, I. (dir.), 1986, *Dicionário da língua galega*, 3 vols., Madrid, Alhena.
 ÁLVAREZ, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H., 1993⁴, *Gramática galega*, Vigo, Galaxia.

lectal e popular das provincias setentrionais: “Ouvi uma vez em S. Gregório esta frase: ‘Aquele guarda [...] é mau, em por isso, ainda que o levara o Demo, pouco se perdia’. O sentido é de ‘por isso’; mais como *emporeso* em galego corresponde a *empero* em castelhano, no sentido de ‘sem embargo’, talvez ali *em por isso* tenha a significação do *ainda que*, que se lhe juntou, e que será pleonástico, isto é, sinónimo. A locução será pois: *em por isso ainda que* (sem vírgula)”.

- CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.), 2000, *Gran diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais.
- CARBALLO CALERO, R., 1979⁷, *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia.
- CARRÉ ALVARELLOS, L., 1928, *Diccionario galego-castelán*, 2 vols., A Cruña, Edicións Lar.
- CASTELO BRANCO, FA = Castelo banco, C., 1977 (1ª ed.: 1856), *A Filha do Arcediago*, Sintra, Livros de Bolso Europa-América.
- CGC = LORENZO, R. (ed.), 1975, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario*. Vol. I. *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- CPG = PÉREZ BALLESTEROS, J. (ed.), 1979 (1ª ed.: 1885-1886), *Cancionero popular gallego*, 3 vols., Madrid, Akal.
- ESC = BLANCO, D. (ed.), 1996, *A Nosa Literatura*. Vol. 8. *Escolma de literatura popular galega*, Vigo, A Nosa Terra.
- FARIA, E. de., 1849, *Novo Dicionario da Lingua Portuguesa*. 2 vols., Lisboa, Typographia Lisbonense.
- FERNÁNDEZ REI, F. / Hermida Gulías, C. (eds.), 1996, *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, Santiago, Consello da Cultura Galega.
- FERNÁNDEZ VIOR, J. A., 1997, *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana.
- FERREIRO, M., 1999⁴, *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Fonética e morfosintaxe*, Santiago, Laiovento.
- FERREIRO, M., 2001², *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía*, Santiago, Laiovento
- FOLE, TB = Fole, A., 1997⁴, *Terra brava*, Vigo, Galaxia.
- FRANCO GRANDE, X. L., 1975², *Diccionario galego-castelán*, Vigo, Galaxia.
- FREIXEIRO MATO, X. R., 1998³, *Lingua galega: normalidade e conflito*, Santiago, Laiovento.
- FREIXEIRO MATO, X. R., 1999, *Gramática da lingua galega*. Vol. III. *Semántica*, Vigo, A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, X. R., 2000, *Gramática da lingua galega*. Vol. II. *Morfosintaxe*, Vigo, A Nosa Terra.
- HERMIDA, C., 1992, *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Vigo, Xerais.
- ILG / RAG [Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega], 1996¹⁵, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña, ILG / RAG.
- ILG [Instituto da Lingua Galega], 1995, *Atlas lingüístico galego*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LEIRAS PULPEIRO, OC = Alonso Montero, X. (ed.), 1983, *Manuel Leiras Pulpeiro, Obras completas*, Santiago, Sálvora.
- MACHADO FILHO, A. da Mata, 1957, "Uso e abuso da expressão 'o mesmo'", in *Anais do Congresso Brasileiro de Língua Vernácula. Em Comemoração do Centenário de Rui Barrosa*. Vol. II, pp. 245-257, Rio de Janeiro, Casa de Rui Barbosa.
- MARIÑO PAZ, R., 1998, *Historia da lingua galega*, Santiago, Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, R., 2000, "As liñas en galego do *Theatro Moral y Político de la Noble Academia Compostelana (1731)* de Pablo Mendoza de los Ríos", in *Revista Galega de Filoloxía*, 1, pp. 35-65.
- MONTEAGUDO, H., 1999, *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- NAVAZA BLANCO, G. / Lastra Muruais, X. (coords.), 1994, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo, Xerais.

- OTERO PEDRAYO, FT = Sánchez Rei, X. M. (ed.), 1999, *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Perayo*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pilado Mayor” / Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña.
- PENSADO TOMÉ, J. L., 1965, *Estudios etimológicos galaico-portugueses*, Salamanca, Unversidad de Salamanca.
- PENSADO, J. L., 1976, *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*, Salamanca, Universidad de Salamanca.
- PÉREZ BALLESTEROS, FO = Pérez Ballesteros, J., 1888, *Foguetes*, A Cruña, Andrés Martínez, Editor.
- PORTO DAPENA, J. A., 1977, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, in Anexo 21 de *Verba*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- RAG [Real Academia Galega], 1913-1928, *Diccionario gallego-castellano*, A Coruña, RAG.
- RISCO, B = Risco, V., 1928, *O bufón d’el-Rei*, A Coruña, Edicións Nós.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, FOL = Rodríguez González, E., 2001 (1ª ed.: 1894), *Folerpas. Poesías Gallegas*, Vigo, Galaxia.
- RODRÍGUEZ, F. J., 1863, *Diccionario gallego-castellano*, A Coruña, Imprenta del Hospicio Provincial.
- ROSALÍA, CG = Pociña, A. / López, A. (eds.), 1993 (1ª ed.: 1863), *Rosalía de Castro, Poesía galega completa. I. Cantares gallegos*, Santiago, Sotelo Blanco.
- SEI = Freixeiro Mato, X. R. (ed.), 1996, *A Nosa Literatura. Vol. 7. Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra.
- SEQUEIRA, F. J. Martins, 1958, *Apontamentos acerca do falar do Baixo-Minho*, Lisboa, Edição da *Revista de Portugal*.
- VALLADARES NÚÑEZ, M., 1884, *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- VASCONCELLOS, J. Leite de, 1928, *Opúsculos. Vol. II. Dialectologia*, Coimbra, Universidade de Coimbra.

